


QUE É O CONSELLO ESCOLAR?



O consello escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

COMPOSICIÓN

Director/a do centro, xefe/a de estudos, secretario/a (con voz pero sen voto), 5 mestres/as elixidos/as polo claustro, 5 pais/nais de alumnos/as (1 deles proposto/a pola ANPA), 1 representante do Concello, 1 representante da administración e servizos.

Os/as membros do CE renóvanse cada dous anos por metades, excepto os/as pertencentes ao equipo directivo.

COMPETENCIAS

- Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, o proxecto educativo, o proxecto de xestión e as normas de organización, funcionamento e convivencia, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado en relación coa planificación e organización docente.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos/as candidatos/as.
- Participar na selección do director ou directora do centro nos termos que a Lei establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora.
- Decidir sobre a admisión do alumnado con suxeición ao establecido na Lei e disposicións que a desenvolvan.
- Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudable, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando por que se axusten á normativa vixente.
- Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e a sustentabilidade.
- Aprobar a programación das actividades extraescolares e complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais e con outros centros, entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a pedimento da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- Aprobar o proxecto de orzamento do centro.

QUE É O CONSELLO ESCOLAR?

NORMAS E FUNCIONAMENTO

- O quórum, para a válida constitución, para os efectos de celebracións das sesións, deliberacións e toma de acordos, requerirá a presenza do presidente e secretario ou, de ser o caso, dos que o substitúan, e da metade, polo menos, dos/as seus/súas membros.
- Reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao trimestre e sempre que o convoque ou o solicite un terzo, polo menos, dos/as seus/as membros.
- Os/as membros electos/as do Consello Escolar non estarán suxeitos/as a mandato imperativo no exercicio da súa representación, estando obrigados a informar os seus representados/as das súas actuacións.
- Os/as representantes no Consello Escolar terán o deber de confidencialidade nos asuntos relacionados con persoas concretas, e que poidan afectar á súa imaxe. (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.)

É moi importante que as nais, pais e/ou titores/as legais como membros da comunidade educativa, vos presentedes coas vosas candidaturas para formar parte do consello escolar e/ou votedes aos vosos/as representantes.